

Breve e intenso

Sístoles / Diástoles

ROMÁN RAÑA

Breve, ainda que intenso, este poemario de Alfonso Álvarez Cáccamo, *Sebes contra o vento*. Conocíamos a obra poética deste recoñecido prosador con *Na flor do vento* (1999) e *Poemas ao pai* (2009), alén do campo narrativo onde o seu quefacer implantou un estilo sólido e diverso, ben orixinal nas nosas letras actuais. Agora a súa pluma diríxese ao territorio do íntimo e dúas son as palabras que agroman nos nosos beizos: melancolía e elexía. Da primeira sabemos que procede do grego mélan, ‘negro’ e, daí, melancolía, ‘mal humor’ ou, mellor dito, ‘bile negra’, do grego kholé, ‘bile’. E, efectivamente, atopamos aquí un humor negro non referido ao sentido do humor, mais ao de substancia ou fluído carregado de negrura. Porque o que realiza fundamentalmente o poeta é unha viaxe ao tempo perdido, ao tempo pasado, e o que contempla nel é o negror da desaparición: desaparece o amigo co que xoga, o amor adolescente, desaparece o pai.

Da perda de todo ese irrecuperábel mundo nace a segunda palabra antes enunciada: a elexía, o lamento e a queixa e, en última instancia, a dor polo feito lutooso. O elemento desencaendeante do canto resulta ser, pois, ese feito doloroso que o convida a combinar vocábulos para expresar as tormentas que o acucian dentro: “Ebrio entre a seda/áspero na chuvia/anunciei que levaría o ritmo das campás/desde aquel domingo amargo./Os seres líquidos de espanto convídaronme a cantar.”

Por iso os primeiros poemas inciden na nevez, o territorio quebradizo das descobertas, a presenza luminosa dos pais. Mais tamén da残酷za de algúns xogos: “e sabían do pracer da visión cruel das ras quemadas con alcohol”. Ese pasado tamén está ocupado por Xosé Humberto Baena, compañoiro do noso autor, tamén apelado en varias composicións.



mas, dun gato na rotina, de comidas repetidas, mais tamén lugares de lecer e algarabía, de divertimento e de descubrimientos. Así mesmo, dunha indignación retrospectiva que non cauteriza na alma do creador. Tampouco cicatriza o sufrimento de ter vivido todas estas arredadas experiencias.

Na parte final do volume podemos ler dous sonetos e, especialmente emotiva, ferazmente conmovedora, a peza final que pon colofón ao antedito: “Pasenxo irán deténdose os reloxos/e o máis vello de todos/o da parede/reclamará que os teus dedos lle dean corda/aínda que o meu tictac non ficará calado.”

O sístole e diástole do corazón do escritor, sábemolo de sempre, nunca poderá ser pasto do inverno.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, Alfonso, *Sebes contra o vento*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 12 €